

*Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a Restauración borbónica. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos as súas causas, a Carta Magna e aos principios sobre os que se apoia.*

**Doc.1. O Manifesto de Sandhurst (1874):**

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ó seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que todos os problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conducta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando todo os españois están xa afeitos aos procedementos parlamentarios”.

**Doc.2. Constitución de 1876:**

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, rei constitucional de España; a tódolos que as presentes viren e entenderen sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”

**2. O sistema político español segundo Cánovas nun discurso no Congreso dos Deputados (7 de febreiro de 1886):**

“Para nós endexamais, por ningún camiño se pode chegar, por medio da legalidade, á supresión da monarquía, por mor de que non hai legalidade sen a monarquía (...). E é que tocar a Constitución do Estado, expresión destes conceptos anteriores, sempre se precisa nun ou noutro momento, sequera que sexa nun só momento decisivo, sempre se precisa da sanción real. (...). Nin as Cortes é posible que voten a súa supresión, nin é posible que acorde a súa supresión, nin é posible que acorde a súa supresión o monarca e de aquí que as Cortes e mailo rei, que están antes que a Constitución, xa que a Constitución se fai entre o Rei e mailas Cortes, están tamén sobre a Constitución; porque a Constitución non pode tocar nin ás Cortes nin ó Rei (...).”